



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN RELATIVA A UNHA BATERÍA DE MEDIDAS QUE AXUDEN A PALIAR O GOLPE DA PANDEMIA DA COVID-19.**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción relativa a unha batería de medidas que axuden a paliar o golpe da pandemia da Covid-19.

### **Exposición de motivos**

Ferrol, cidade de contrastes, afronta unha nova crise socioeconómica, cuxa punta do iceberg ven dada pola crise sanitaria provocada pola COVID-19. Dicimos que isto é a punta do iceberg, porque Ferrol sempre viuse afectada polas políticas austericidas que os diferentes gobernos foron artellando co paso dos anos.

Así, iniciamos o ano 2020 nunha posición de febleza e chegamos a marzo deste mesmo ano, cando se produce a primeira vaga da pandemia, con terroríficas repercusións na nosa veciñanza, non só polo padecemento da Covid-19 se non polas limitación, confinamentos e illamentos, e como non, o golpe que sufriu e segue a sufrir a nosa xa de por si débil situación socioeconómica.

Nesta primeira vaga, o goberno municipal á cabeza, e co apoio de todos os grupos políticos, foi implementando medidas de consenso para paliar unha situación de emerxencia. Lamentablemente, estas medidas non son suficientes para facer fronte a situación de necesidade no que se atopan algúns sectores e moitas persoas da nosa cidade.

Esta 2ª vaga da pandemia, xa anunciada por moitos, fai que volvamos a unha situación sanitaria de gravidade similiar, ou incluso peor, cá que xa vivimos en marzo. Pero semella que pouco aprendimos nestes meses, e volvemos reproducir os mesmos erros, pois o goberno local non ten un plan ou unha folla de ruta coa que salvar as persoas, que debera ser a máxima de calquera administración.

Precisamos políticas públicas que axuden a revertir esta situación, porque é innegable que a alarma sanitaria provocada pola Covid-19, ten disparado as taxas de pobreza no noso concello. En 6 meses de pandemia pulverizáronse 2 décadas de loita contra a pobreza extrema, e así, advirten os expertos, estamos soamente ante “o principio do tsunami”.

É o momento de poñer un punto e aparte nas actitudes que o actual grupo de goberno está a ter e retomar a senda do consenso, ficando no centro das nosas actuacións desenvolver todas as políticas que fagan falta para salvar á nosa veciñanza.

Así, trasladamos ao pleno de Ferrol para a súa aprobación un paquete de medidas para afrontar a crise socioeconómica que a Covid-19 está a deixar na nosa cidade golpeando a todas as empresas, pequenos negocios, pemes, autónomos, hostaleiros, taxistas, cultura, comercio, profesionais de todos os sectores e ás persoas.

Este paquete de medidas componse tanto de propostas que competencialmente corresponden a esta administración, coma doutras que precisan do consenso de todos os grupos municipais para demandar a outras administracións os apoios e recursos que tamén lles competen, sen importar a cor política. É hora de esixir o que lle corresponde á nosa cidadanía, e non debe importarnos a cor de quen governe na deputación, en San Caetano, en Moncloa, ou os equilibrios que haxa en Bruxelas.

**Por todo isto, propoñemos para a súa aprobación polo Pleno da corporación do Concello de Ferrol** as seguintes medidas divididas en dúas áreas:

1. **Reforzamento das políticas sociais**, como dereito universal de protección por parte dos poderes públicos, tal e como recolle a lexislación, e que determinan o carácter **Esencial dos Servizos Sociais**.

1. **Reforzo do persoal de Servizos Sociais.** Se SS.SS son considerados esenciais, ten que ter a súa traslación aos equipos que desenvolven os programas e prestacións, tanto en persoal técnico, administrativo e tamén na dotación dos medios precisos para poder realizar as súas intervencións no contexto actual de pandemia. As vías para o seu financiamento, veñen recollidas tanto na Lei Galega de SS.SS (13/2008), no D.99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos comunitarios, así como no RD-L 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, e na Orde SND/295/2020, do 26 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais ente a situación de crise ocasionada polo COVID-19.
2. **Renda Social Emerxencia Covid-19**, para persoas en situación de vulnerabilidade, cun orzamento idéntico ao anunciado polo Alcalde e o Presidente da Deputación para salvar ao comercio/hostalería. Propoñemos un modelo baseado na inversión social como fonte de riqueza, que forma parte dun sistema que contribúe á creación e distribución da mesma, e polo tanto, debera implicar a múltiples departamentos da administración local, e como mínimo, Área de Benestar Social e Promoción Económica, e que deberá de contar con persoal contratado especificamente para este programa.
3. **Reforzo do programa de Educación Familiar**, dada a grave repercusión que está a ter a pandemia nos “sistemas familiares”, reforzando o persoal até acadar as ratios e perfís marcados legalmente, e incorporando novas prestacións para dar resposta ás necesidades de conciliación e de apoios que se están a dar.
4. **Aloxamento alternativo para situacións de necesidade derivadas da pandemia**, con especial coordinación coas entidades do terceiro sector que veñen traballando en rede co departamento de Benestar, e empregando recursos de hospedaxe da cidade ou, de ser preciso, dispoñibilidade de vivendas cando a situación así o requira.

5. **Coordinación entre as entidades do terceiro sector, e tamén o voluntariado**, para evitar duplicidades nas intervencións. O Concello debe ser quen lidere as intervencións, e de ser preciso, facilite os medios precisos para que as entidades poidan continuar desenvolvendo aqueles programas tan necesarios, que non están sendo realizados polos poderes públicos.
  
6. **Desenvolvemento comunitario**. O modelo de intervención individual, illado do entorno e fragmentado vixente nos actuais SS.SS ten demostrado claramente a súa ineficacia para facer valer os dereitos de cidadanía. Por iso, son moitos os colectivos e profesionais que demandan intervencións integradas, baseadas na cooperación entre administracións e entre departamentos. Son moitos os barrios degradados na nosa cidade, e ten que haber un compromiso firme para poder desenvolver Plans de Desenvolvemento Comunitario para favorecer a mellora das condicións materiais de vida da veciñanza que neles reside, tanto en Recimil, como en San Pablo.

2.- **Batería de medidas destinadas a todos os sectores afectados pola crise da Covid-19 e as súas limitacións**. Logo de participar nas concentracións de apoio aos pequenos comerciantes, autónomos e empregadas que representan en tempos de destrución industrial unha das principais fontes da riqueza da cidade, e tras manter encontros de traballo con gran parte dos colectivos que os integran, organizados ou a título individual, Ferrol en Común considera necesaria e imprescindible unha política fiscal municipal expansiva e inmediata para evitar a debacle definitiva dunha cidade sen rumbo nin proxecto por un goberno que actúa a golpe de titular informativo. Para iso propoñemos, como xa vemos facendo dende marzo, o mesmo que a renda municipal antes mencionada:

1. **A aprobación inmediata duns orzamentos para as persoas 2021**, creando unha mesa de traballo estable e periódica entre os grupos municipais para a súa elaboración conxunta dentro do pragmatismo e a honestidade. Como xa avanzáramos en marzo e foi comprometido polo goberno local, é imprescindible uns orzamentos que recollan medidas paliativas dunha situación de excepción, que o “ninguén quede atrás” se transforme en medidas reais e palpables, cunha política

fiscal expansiva en baseada no endebedamento público, no que os principais investimentos vaian destinados a benestar e emprego.

2. **A creación dunha liña aberta de subvencións** para todos aqueles negocios directamente damnificados polas sucesivas, e sorprendidas, ordes publicadas no BOE e DOG, que minoraron a súa capacidade produtiva e afectaron ao emprego, baremándoas en función do número de traballadores e tempo de peche, liña a fondo perdido e coa única limitación económica da capacidade de endebedamento do Concello, complementada con axudas de Deputación e Xunta.
3. **A exención retroactiva da taxa de lixo e auga para aqueles locais que non puideron desenvolver con plenitude a súa actividade económica.** Así coma a valoración económica para un tipo impositivo menos gravoso sobre o pequeno comercio e hostalería que modifique a ordenanza en vigor.
4. **Incremento da dotación orzamentaria para gasto en programación cultural,** limitada única e exclusivamente á industria local, dinamización dos barrios e promoción económica, que incentive o consumo e unha áxil recuperación económica.
5. **Publicar bonos desconto** con cargo ás arcas municipais para a compra no comercio local, tal e como se está a facer na cidade da Coruña ou Bilbao.
6. Desenvolver o **proxecto do ascensor do Parking do Cantón** para axudar a dinamizar o barrio da Magdalena e cumprir coa accesibilidade para a veciñanza.
7. Facilitar a **carga e descarga para os negocios de “coller e levar”**.
8. Consensuar medidas para que el **acceso ao Concello de forma presencial** sexa áxil, seguro e en condicións dignas.
9. **Mellorar a sede electrónica,** aumentando os trámites que se poidan realizar a través deste medio e de unha forma máis áxil e intuitiva.

**10. Dirixirse a Xunta e Estado** para que medidas que non sexan de competencia municipal e gravosas para as persoas non lastren máis as consecuencias nefastas da pandemia, como rebaixa do IVE cultural, novas bonificaións ao IBI ou exención da cota da SGAE dende marzo 2020 ata a normalidade real.

**11. Activar dunha vez un dos compromisos acadados no acordo de gobernabilidade asinado con Ferrol en Común**, onde se recollía nun dos puntos a participación como eixo central da política municipal, de xeito que estas medidas sexan codecidas por canles nas que a cidadanía sinta que a súa opinión conta, e a cogobernanza solidaria faga da saída da crise unha decisión colectiva en favor de quen máis o necesita.

Ferrol, 23 de novembro de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común